

RENACEMENTO - ESPAÑA

OBRA: ADORACIÓN DOS PASTORES

AUTOR: **DOMENICOS THEOTOCOPULI, O GRECO** (Creta, 1541-Toledo, 1614)

CRONOLOXÍA: 1612-1613

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado

ESTILO: Renacemento Español - Manierismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 320 cm x 180 cm



O AUTOR E A OBRA

O Greco naceu en Creta, onde recibíu a súa primeira formación pictórica, en contacto coas iconas, o que explica a influencia da arte bizantina na súa obra. Cara a 1560 marchou a Venecia, metrópole artística e capital política dos cretenses. Alí converteuse en discípulo de Tiziano, do cal obtivo recomendacións para poder traballar no resto de Europa. De Tiziano tomou o cálido cromatismo e algúns rasgos técnicos, ao tempo que tamén recibíu influencias doutros pintores do momento como Veronés, dos irmáns Bassano (composicións e escorzos, grandes composicións divididas en estancias, contrastes entre brancos e negros) e tamén de Tintoretto (debuxo nervoso, ondulante e tenso). En 1570 trasladouse a Roma, centro da actividade artística italiana e importante centro de encargos por ser residencia do Papado. En Roma trabou relación con algúns españois, o que xunto ao atractivo de traballar no Escorial e a “competencia” con outras figuras importantes na pintura veneciana e romana, impulsárono a viaxar a España.

Á súa chegada a España, residíu un breve tempo en Madrid, trasladándose despois a Toledo para realizar o seu primeiro encargo importante, o retablo de Santo Domingo o Antigo. Pero os seus desexos de ingresar no círculo de pintores de Felipe II animaron ao artista a presentarlle ao rei o cadro da *Adoración do nome de Xesús*. Conseguiu así por encargo do monarca *O martirio de San Mauricio*, destinado á igrexa do mosteiro do Escorial, cadro no que quixo introducir tantas novidades que non lle gustou ao monarca, sendo reemplazado por outro pintor. Despois deste contratempo inicial, o Greco decidiu instalarse en Toledo, onde recibíu numerosos encargos, pintando as súas obras máis importantes e coñecidas, como *A Trindade*, *O expolio* ou *O enterro do Conde de Orgaz*.

Amosa unha importante transformación na súa obra cando se instala definitivamente en Toledo. Na súa obra da etapa italiana abundan as paisaxes, as figuras son robustas, con panos cubrindo os corpos, emprega cores cálidas e as composicións aparecen recargadas nunha zona da tea, mentres que o lado contrario está baleiro de figuras. En España, o pintor substitúe as paisaxes por “celaxes” (ceos poboados de nubes con diferentes matices, cheos de luces como en medio dunha tormenta). Excepcionalmente, o Greco pinta paisaxes de Toledo, pero coa cidade desde un punto de vista onírico, pantasmal e distorsionado. As figuras alórganse máis, reducíndose moitas veces a formas huesudas, cos panos e vestimentas flotando, afirmándose aínda máis a sensación de delgadez dos corpos. As cores pasan a ser agora frías (grises, verdes agrios, azuis plumizos), máis axeitados para plasmar as súas visións místicas. A composición seguirá sendo manierista, a falta de espazo tende a impulsar os corpos cara ao alto, provocando unha sensación agobiante.

ANÁLISE E COMENTARIO

A obra de temática relixiosa é moi abundante e destacable na produción pictórica do Greco, que recibiu distintos encargos do clero toledano sobre a Adoración dos pastores, polo que existen varias versións sobre o mesmo tema. Neste caso concreto, o destino orixinal era a capela da igrexa toledana de Santo Domingo o Antigo, onde reposarían os restos da familia Theotocopuli. Este convento foi que lle fixo o primeiro encargo cando chegou a Toledo, pero é unha das últimas escenas pintadas polo cretense.

O tema está baseado nos textos bíblicos, representa o momento no que os pastores avisados por anxos foron os primeiros en acudir a adorar ao Mesías. A escena desenvólvese de noite nun espazo en forma de cova moi estreito e con arcos no fondo. Este espazo parece algo agobiante pola falta de profundidade.

Neste lenzo, as características respontan ao que será o seu estilo xa formado:

- A escena desenvólvese en dúas zonas superpostas, unindo perfectamente as atmósferas celestial e real. Obsérvanse dous niveis: no inferior, María en actitude serea que parece ofrecer coas súas mans en escorzo ao seu fillo, Xosé, o neno sobre unha sábana branca luminosa e os pastores en actitudes teatrais de asombro de adoración e de pleitesía; no superior, no rompemento do ceo, os anxos amosan a súa alegría polo nacemento e un deles porta un texto coa lenda *Gloria in excelsis Deo et in terra pax hominis*.
- Contraste de espazos cheos e baleiros. Está cheo o espazo onde se desenvolve a adoración e o que ocupan os anxos, pero en medio existe un espazo baleiro.
- As figuras alórganse, como é característico do pintor, para dar unha maior expresividade e dotándoas dunha gran espiritualidade. Os corpos represéntanse cunha distorsión ou alongamento extremo, moi característico da obra tardía do Greco. As formas e poses estrañas crean no espectador unha sensación de maravilla e éxtase, ao celebrar os pastores e os anxos a miragre do nacemento do Mesías.
- Constante busca das expresións místicas e das formas etéreas, ingravidas, que se elevan nun movemento ascensional, como dotadas dunha enerxía espiritual que as fai levitar.
- A composición está desenvolvida en espiral, creándose un efecto de ascensión. Abundan as liñas serpentinas, escorzos nas mans de María e sobre todo no espazo dos anxos que amosa maior dinamismo que o espazo da adoración.
- Grama cromática con fortes contrastes entre cores cálidas como o vermello da Virxe, alaranxados, e fríos como verdes, morados, azuis e o fondo grisáceo da cova. Percíbense estrañas asociacións de cores como no pastor que se atopa de costas. Evidencia claras influencias da Escola Veneciana no emprego da cor, e do control do debuxo aprendido de Miguel Anxo.
- As pinceladas son soltas, fluídas e existen formas non rematadas formadas por manchas.

- As figuras teñen volume mediante o contraste entre a oscuridade do fondo e as chamativas cores: verdes, amarelos e azuis irrealas. Son xigantescas, sobre todo o pastor de xeonllos en primeiro plano, cuxos músculos están moi estilizados. Xunto a el aparece unha mancha branca, que se se observa con atención, resulta ser o Agnus Dei.
- A perspectiva é superposta, ao eliminarse no cadro a profundidade, aínda que detrás da figura da Virxe o pintor represente unha arquitectura abovedada.
- A luz tamén aparece irreal e xorde do Neno, símbolo de que Deus é fonte de luz e espiritualidade. Esa fonte luminosa alumea a todas as personaxes, reflectíndose nos rostros dos pastores descalzos que se reúnen para homenaxear ao Mesías. O Neno aparece envolto en brillantez e brancura, un recurso tomado das iconas bizantinas. É unha luz forte e clara, xa empregada anteriormente polo artista, que matiza as cores, como ocorre coas túnicas da Virxe ou de San Xosé.
- Detectamos como unha enerxía rítmica que anima á pintura, expresada nos movementos das figuras, que parecen “danzar”. Na parte superior, o grupo de anxos sobrevoan a escena recorda a outros traballos do autor.

As cores son brillantes, disonantes. Os tons “eléctricos” empregados polo artista amosan o gusto polas novas cores inspiradas no Manierismo. Os fortes contrastes entre a luz e as zonas escuras realzan o sentido do drama relixioso. A pincelada é totalmente solta e os saltos de perspectiva que utiliza fai que se rache coa unidade espacial. Por todo isto, no futuro o Greco será un pintor de gran influencia para os artistas de finais do S.XIX.